



# Formación para o alumnado de prácticas no CEIP López Ferreiro

Enviado por [admin1](#) [1] o Mér, 12/31/2025 - 11:07

[Curso 25\\_26](#) [2]

Un ano máis, o López Ferreiro, aposta pola formación do alumnado que desenvolve o Prácticum na nosa escola.

A dirección do centro levou a cabo, nos meses de novembro e decembro, sesións formativas con información relevante ao respecto da normativa, das aplicacións de uso docente ou dos programas que oferta a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. O obxectivo é proporcionar un complemento á experiencia de aula desenvolvida no seu período de prácticas.



**Programa Alumnado de prácticas**

O CEIP de Prácticas López Ferreiro oferta, no presente curso 2025/26, uns pequenos obradoiros destinados ao alumnado dos graos de Educación Infantil e Primaria da USC que están a realizar as súas prácticas no centro co fin de complementar a súa formación académica. Tales obradoiros, enfocados dende unha óptica teórico-práctica, abordarán cuestións relativas á organización, funcionamento e vida dos centros que imparten as ensinanzas de educación infantil e primaria.

**CURSO 25-26**

|  |  |
|--|--|
| <p><b>01</b><br/>SESIÓN</p> <p><b>Organización e estrutura do centro:</b></p> <p>Trataranse cuestións relativas á xestión interna, aos diferentes órganos de coordinación e os principais documentos do centro.</p>  | <p><b>02</b><br/>SESIÓN</p> <p><b>Titoría</b></p> <p>Presentaráselle ao alumnado as principais ferramentas ofertadas pola Consellería para a xestión da titoría. Destacarase cuestións metodolóxicas relacionadas co currículo e o seu vínculo coas programacións didácticas e falarase da importancia de coñecer as funcións do profesorado titor.</p>  |
| <p><b>03</b><br/>SESIÓN</p> <p><b>Atención á Diversidade:</b></p> <p>Porase énfase na sensibilización e concienciación da importancia de atender á diversidade do alumnado como un principio fundamental. Falarase das principais medidas de atención á diversidade e da súa aplicación práctica na aula e presentarase aos servizos de orientación cos que contan os centros.</p> | <p><b>04</b><br/>SESIÓN</p> <p><b>Programas e plans da Consellería:</b></p> <p>Presentaranse as principais iniciativas ofertadas pola Consellería, cuxo obxectivo é contribuir á mellora da calidade do sistema educativo, constituíndose como un instrumento de apoio aos centros para levar a cabo proxectos de innovación educativa en consonancia co seu proxecto educativo.</p>   |
|  | <p><b>05</b><br/>SESIÓN</p> <p><b>Avaliación:</b></p> <p>Remarcárase a importancia da avaliación entendida como un referente tanto para valorar o progreso do alumnado como para a mellora continua do proceso educativo e para a adopción de medidas de atención á diversidade. Presentaranse cuestións prácticas relativas a diferentes técnicas e instrumentos de avaliación, ao desenvolvemento das sesións de avaliación e de cuestións loxísticas e organizativas da avaliación.</p> |



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

**Links:**

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/56>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/96>